

Balance 2021**EROSKI INAUGUROU 65 FRANQUÍAS NO 2021**

- O investimento global ascendeu a máis de 8 M€ e xeráronse 306 postos de traballo
- Excelente desempeño en vendas: un 14% máis con respecto a niveis prepandemia
- O formato *Rapid* de EROSKI dobrou o ritmo de aperturas e actualmente conta xa con 46 supermercados baixo esta insignia
- Medra o número de establecementos en estacións de servizos, abríronse 14 no 2021
- Conianza no modelo: o 50% das tendas abertas este ano pertencen a outros franquizados

Elorrio, 23 de febreiro do 2022.- [EROSKI](#) inaugurou 65 franquías no 2021. O investimento global ascendeu a máis de 8 millóns de euros e xeráronse 306 postos de traballo. Esta expansión, xunto á transformación emprendida na súa rede de tendas propias, representa un forte pulo á extensión do modelo comercial 'contigo' que define a nova xeración de tendas EROSKI.

As comunidades autónomas nas que se concentrou o maior número de inauguracións son Cataluña (18), País Vasco (13), Andalucía (7), Galicia (6), Baleares (5) e Castela e León, Castela A Mancha e Madrid con 3 aperturas. Séguenas Aragón, Comunidade Valenciana e Navarra con dúas e, por último, A Ríoxa cunha apertura de tenda franquizada.

EROSKI mantén o ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, que lanza un balance de máis de 250 inauguracións nos últimos cinco anos, co que remata o ano con 577 supermercados franquizados, cun excelente comportamento en vendas da rede e cun crecemento dun 14% con respecto ás vendas antes da pandemia no 2019.

Continúa así a espallar a súa rede franquizada, co foco posto en Andalucía, Madrid, Castela-A Mancha, Extremadura e Levante, para os vindeiros anos. Durante o exercicio 2022 EROSKI ten previsto inaugurar 75 franquías.

Dobra o ritmo de aperturas do seu formato Rapid

Tras cinco anos desde a súa posta en marcha, o formato Rapid de EROSKI dobrou no 2021 o ritmo de aperturas das tendas con esta insignia. Actualmente, conta con 46 supermercados Rapid, vinte deles inaugurados o pasado ano, o que supón un claro impulso a este formato de ultraproximidade. Trátase dun modelo comercial altamente competitivo, con pequenas tendas de arredor de 150 metros cadrados e que destaca pola facilidade e rapidez de compra. Cun amplo horario de apertura, todos os días do ano, os consumidores poden atopar ata 4.500 referencias, e mais un forno propio para ofrecer sempre pan fresco, bolería e unha zona de café.

"A pandemia deulle un forte pulo ao comercio de ultraproximidade como principal opción de compra, que acadou cotas de mercado nunca vistas ata o momento. O noso

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

formato comercial de franquía adáptase dun xeito moi eficaz ás necesidades dos clientes e xera riqueza nos contornos nos que operamos, apostando polos produtos locais das rexións onde nos implantamos”, destaca o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez.

Ademais, durante o pasado ano EROSKI e mais o operador petrolífero AVIA consolidaron o seu acordo de expansión dos supermercados franquizados co formato EROSKI Rapid nas súas gasolineras, logo de cumpriren dous anos desde a posta en marcha deste convenio cun balance máis ca positivo. No 2021 abríronse catorce establecementos en gasolineras. Actualmente, EROSKI conta con máis dunha vintena de supermercados en estacións de servizo e ten previsto incrementar substancialmente a rede nos vindeiros anos.

Confianza dos franquizados

O modelo comercial de EROSKI baséase na integración do produto local e rexional, na promoción da alimentación saudable en base ás súas liñas propias de actuación e á marca propia, na contribución ao aforro dos seus clientes e no seu compromiso coa responsabilidade social e desenvolvemento sostible. EROSKI aposta de xeito decidido por levar ao mercado algo diferente no que atinxe ao modelo de franquía que prima hoxe e iso parece ter o seu efecto positivo nos propios franquizados. *“A metade das tendas que abrimos ao longo do 2021 impulsáronas franquizados que xa traballaban connosco. Somos unha cooperativa de traballadores, con valores propios que nos fan diferentes e, xa que logo, en EROSKI entendemos as incertezas do emprendedor, as súas necesidades. Consideramos estes valores como intanxibles necesarios para construímos marca”,* subliña Enrique Martínez.

O modelo de franquía EROSKI é un modelo sólido e que xera confianza nos seus franquizados. Eles son os principais valedores do seu modelo. *“Segundo unha enquisa externa realizada aos nosos franquizados, o 96% deles recoméndana. A base do noso modelo de relación susténtase na confianza, na honestidade, no apoio e en compartir os seus valores”,* engade o director de Franquías EROSKI.

A franquía de EROSKI parte de dúas motivacións diferentes: unha son os emprendedores, que buscan o autoemprego para eles e para o seu contorno próximo, que representan o 57% do total dos franquizados, e a outra é a dos investidores e empresarios que queren apostar polo sector da distribución alimentaria cun risco reducido e cunha rendibilidade adecuada. Este perfil contabiliza xa o 43%, en clara liña ascendente nos últimos anos.

Convenios de colaboración

A cooperativa mantén os seus convenios de colaboración coa Confederación Española de Asociaciones de Jóvenes Empresarios (CEAJE) para apoiar e impulsar o emprendemento entre os novos empresarios, e o acordo coa Federación Nacional de Asociaciones de Empresarios e Traballadores Autónomos (ATA). Con estes acordos, amais de reforzar o seu compromiso co emprendedor, EROSKI busca contribuír ao desenvolvemento da economía local nas distintas comunidades autónomas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)